



Consejo de  
Transparencia y  
Buen Gobierno



# Plan Estratégico 2015-2020

## Resumo ejecutivo

Madrid 2015

# Índice

|      |   |    |
|------|---|----|
| 1.   | INTRODUCCIÓN .....  | 2  |
| 1.1. | A Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno ..... | 2  |
| 1.2. | O Consello de Transparencia e Bo Goberno .....                          | 4  |
| 2.   | PLAN ESTRATÉXICO .....  | 5  |
| 3.   | OBXECTIVOS .....  | 6  |
| 4.   | EIXOS DE ACTUACIÓN .....  | 7  |
| 5.   | RETOS E MEDIDAS .....   | 10 |
| 5.1  | Accións eixo ACTIVA .....   | 11 |
| 5.2  | Accións eixo RESOLVE .....  | 14 |
| 5.3  | Accións eixo COLABORA .....   | 15 |
| 5.4  | Accións eixo INTERPRETA .....   | 18 |
| 5.5  | Accións eixo SUPERVISA .....  | 20 |
| 5.6  | Accións eixo FORMA .....  | 21 |
| 5.7  | Accións eixo COMUNICA .....   | 23 |
| 5.7  | Accións eixo RENDE .....  | 24 |
| 6.   | MEMORIA ECONÓMICA .....   | 26 |
| 7.   | SEGUIMIENTO .....   | 27 |

## 1. INTRODUCCIÓN

---

### 1.1. A Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno

---

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (en diante LTAIBG) supuxo un importante avance do noso sistema político nas tres materias que constitúen o seu obxecto -a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno- e son, á súa vez, os eixos fundamentais de toda acción política.

**A LTAIBG  
supuxo un  
importante  
avance**

**Enche un  
baleiro e  
establece para  
España uns  
estándares  
homologables  
cos países da  
nosa contorna**

A LTAIBG, impulsada polo actual Goberno de España, enche un baleiro legislativo existente no dereito positivo español -á diferenza da maior parte dos Estados membros da Unión Europea, España non dispuña dunha lexislación específica que regulase a transparencia e o dereito de acceso á información pública- e ten por finalidade esencial establecer, respecto destas cuestións, uns estándares homologables aos dos mencionados Estados e o resto de democracias consolidadas.

Porén, cómpre ter en conta que a Lei non sae da nada. No momento da aprobación da LTAIBG, xa existían no ordenamento xurídico español normas sectoriais que establecían obrigas concretas de publicidade activa para determinados suxeitos.

Os problemas radicaban no feito de esta regulación, ademais de ser fragmentaria -non se integraba nunha lei específica-, resultar insuficiente e non satisfacer as esixencias sociais e políticas do momento actual.

**A LTAIBG non saía da nada**

No eido da PUBLICIDADE ACTIVA, era preciso avanzar e vincular un maior número de suxeitos, entre os que se contaban todas as Administracións Públicas, os órganos do Poder Lexislativo e Xudicial, no referente ás súas actividades suxeitas ao dereito administrativo, e outros órganos constitucionais e estatutarios. Así mesmo, era preciso estender a aplicación da lei a outras entidades -partidos políticos, organizacións sindicais e empresariais e altas institucións do Estado, como a Casa da S.M. o Rei-, que, pola súa particular relevancia pública ou pola súa condición de receptoras de fondos públicos, debían estar obrigadas a reforzar a transparencia da súa actividade.

**A regulación existente era fragmentaria e insuficiente**

En materia de ACCESO Á INFORMACIÓN, era preciso superar as deficiencias da regulación existente, pois non estaba claro o obxecto do dereito de acceso, ao estar limitado a documentos contidos en procedementos administrativos xa rematados, o que resultaba, na práctica, extraordinariamente limitado.

**Era preciso incrementar a cantidade de suxeitos obrigados á publicidade activa**

Finalmente, no ámbito do BO GOBERNO, era preciso que os principios establecidos, de carácter unicamente programático e sen a debida forza xurídica, se incorporasen a unha norma con rango de lei e se acompañasen dun réxime sancionador.

**Era preciso aclarar o obxecto do dereito de acceso e facilitar o seu exercicio**

**Era preciso elevar os principios a rango de lei e establecer consecuencias xurídicas**

## 1.2. O Consello de Transparencia e Bo Goberno

---

O CTBG é unha garantía máis da Lei

Nesta liña de afondamento e mellora da normativa existente, a LTAIBG crea o Consello de Transparencia e Bo Goberno (CTBG) como unha garantía adicional -desta vez, de carácter institucional.

É un organismo independente que vela, salvagarda e garante as disposicións da LTAIBG

O CTBG é un organismo público independente, adscrito ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Secretaría de Estado de Administracións Públicas unicamente para efectos organizativos.

A lei encoméndalle a cuádrupla función de *"promover a transparencia da actividade pública, velar polo cumprimento das obrigas de publicidade, salvagardar o exercicio do dereito de acceso á información pública e garantir a observancia das disposicións de bo goberno"* (artigo 34).

Realiza unha función proactiva () e outra reactiva (supervisa o cumprimento da LTAIBG polas Administracións e Organismos públicos)

As súas funcións son, por unha banda, decididamente proactivas, por canto que implican impulsar, avanzar e tomar a iniciativa do proceso de implantación da cultura da transparencia nas nosas Administracións e organismos públicos. Pero, por outra banda, tamén son reactivas, pois atinxe ao Consello, adicionalmente, resolver as reclamacións dos solicitantes de información pública e supervisar e controlar a actuación dos órganos, organismos e institucións públicas.

Este carácter reactivo debe entenderse non en sentido negativo, pasivo, senón en sentido positivo, dinámico, xa que obriga ao CTGB a realizar unha acción de vixilancia atenta, de supervisión, de coidado, para que os esforzos realizados polo resto de organismos e entidades que abrangue o ámbito de aplicación da norma se cumpran no sentido desexado polo lexislador.

## 2. PLAN ESTRATÉGICO

---

Para o cumprimento das súas funcións, o CTBG estableceu un Plan Estratégico para o período 2015-2020

O Plan expresa os grandes obxectivos do CTBG, os "fitos" fundamentais que visibilizarán a súa consecución e as actuacións e medidas necesarias, agrupadas por "eixos" temáticos.

Vai acompañado da correspondente memoria económica, da relación de indicadores e do seu modelo de gobernanza

Será obxecto de difusión para que os organismos e entidades interesadas, e particularmente os cidadáns e as súas organizacións, poidan facer as súas achegas

Para o cumprimento destas funcións, o CTBG estableceu unha planificación estratéxica, que se concreta no «Plan estratéxico do Consello de Transparencia e Bo Goberno para o período 2015-2020», cuxo resumo executivo se reflicte no presente documento.

O Plan céntrase fundamentalmente no período 2015-2016 e ofrece unha panorámica xeral da estratexia do Consello para o seguinte trienio, e completárase ao longo de 2016.

O Plan expresa os grandes obxectivos do CTBG e os "fitos" fundamentais que visibilizarán a súa consecución, así como as actuacións e medidas necesarias para o seu cumprimento. Estas actuacións e medidas -que operan como auténticos "retos" para o organismo- preséntanse agrupadas por "eixos" temáticos.

O documento vai acompañado da correspondente memoria económica, da relación de indicadores obxectivos que permitirán avaliar o grao de cumprimento de cada un dos "retos" propostos e do seu modelo de gobernanza.

O «Plan Estratégico do Consello de Transparencia e Bo Goberno para o período 2015-2020» será obxecto de difusión e divulgación, especialmente a través do web institucional do CTBG e do Portal da Transparencia, para que os organismos e entidades interesadas, e particularmente os cidadáns e as súas organizacións, poidan facer as súas achegas.

Existirá unha versión do Plan, en forma de Resumo Executivo, tanto nas distintas linguas cooficiais como en lingua inglesa, para facilitar a súa difusión en foros e instancias internacionais.

### 3. OBXECTIVOS

---

Os grandes obxectivos a conseguir polo CTBG no período incluído no Plan, diferenciados en obxectivos vinculados á actividade proactiva do organismo e obxectivos vinculados á súa actividade de vixilancia e supervisión, son os que se sinalan a continuación:


#### OBXECTIVOS PROACTIVOS



Obxectivos vinculados á ACCIÓN PROACTIVA do CTBG

## OBXECTIVOS DE SUPERVISIÓN

Obxectivos vinculados á ACCIÓN SUPERVISORA e REGULADORA do CTBG



## 4. EIXOS DE ACTUACIÓN


Agrupan sistematicamente as actuacións que prevé pór en marcha o Consello durante o período 2015-2020

Agrupas as actuacións do CTBG destinadas a pór en marcha a súa organización e a configuralo, partindo de cero, como un organismo áxil, eficiente, eficaz, transparente e participado






Integra as accións postas en práctica polo Consello para tramitar adecuadamente e no prazo máis breve posible as reclamacións formuladas polos cidadáns e axentes sociais respecto do exercicio do dereito á información, sen cargas innecesarias.



Engloba a actuación do organismo para conseguir unha aplicación igual da LTAIBG por todas as Administracións e organismos públicos, respectando o marco de competencias que sinalan as leis e os Estatutos de Autonomía.



A colaboración vai máis aló do puramente territorial e estenderase ás Universidades e aos organismos e asociacións nacionais e internacionais.

Ao redor de cada eixo articúlase sistematicamente as actuacións do CTBG durante 2015-2020

As actividades do CTBG ao redor deste eixo céntranse na fixación de criterios de interpretación da Lei. Así mesmo, incardínase no impulso da transparencia no noso ordenamento xurídico a través da mellora das normas existentes e da incorporación a estes dos mecanismos necesarios para unha mellor aplicación da LTAIBG. Aprobación de directrices, recomendacións ou guías relativas á aplicación da Lei e ao seu mellor cumprimento



Tamén inclúen a elaboración de cantas recomendacións sexan necesarias para avanzar no crecemento da transparencia e na súa penetración en todos os niveis da Administración.



## SUPERVISA

Integra as actuacións de vixilancia, control e supervisión do efectivo cumprimento da LTAIBG exercidas polo CTBG, así como as dirixidas a corrixir os defectos, incorporar as melloras, resolver as carencias e sancionar os incumprimentos das obrigas por parte da Administración.

As accións incluídas neste eixo diríxense a promover a formación e a sensibilización de todos os sectores nas materias reguladas na LTAIBG para conseguir o necesario cambio cultural, que afectará ás persoas e ás organizacións en todos os niveis, tanto territoriais como de responsabilidade.



## FORMA

As accións incluídas neste eixo son fundamentais para que arraigue na sociedade e nas Administracións Públicas unha cultura da transparencia adecuada.

Representan as accións concretas que emprenderá o CTBG dentro de cada un dos eixos para cumprir os seus obxectivos


As medidas agrupadas ao redor deste eixo afectarán, por unha banda, ao propio Consello, organismo que ten como finalidade promover e vixiar a situación e o avance da transparencia en España, e que redobrará os seus esforzos para chegar a todos os organismos, institucións e persoas, onde a linguaxe empregada é crucial. E, pola outra, aos cidadáns, que deberán tomar conciencia de que a esixencia e o bo funcionamento da transparencia depende, en gran medida, deles, xa que das iniciativas derivadas do exercicio do dereito a saber nace a conciencia cidadá, e reverten nunha sociedade máis crítica, esixente e participativa.



## COMUNICA

O CTBG fomentará as políticas e prácticas de información e comunicación máis activas e resoltas por parte das Administracións e organismos públicos, de xeito que estes dean

superado unha actitude reactiva ante as solicitudes puntuais de información para incorporar unha actitude proactiva de rendición de contas das súas actuacións.



As accións agrupadas neste eixo móvense nun dobre sentido:

- a) No ámbito interno, aplícanse ao propio CTBG, que vixiará o seu funcionamento austero, eficaz e eficiente, e elaborará un código ético para os seus empregados e mais un código de compromiso para os seus directivos.
- b) No ámbito externo, renderá contas aos cidadáns na súa propia páxina web e presentará a súa memoria no Parlamento, acudindo tantas veces como sexa preciso.

Elaborarase un informe ou estudo sobre boas prácticas no ámbito do bo goberno, a partir das reclamacións que presenten os cidadáns.

No tocante á Memoria anual do organismo, os datos solicitados para a súa elaboración, a avaliación de resultados e o informe de rendición de contas ante o Congreso, serán públicos logo da devandita rendición de contas, na forma máis detallada posible e publicando a metodoloxía utilizada.

## 5. RETOS E MEDIDAS

---

A continuación reflíctense, clasificadas por eixos de actuación, as medidas que porá en marcha o CTBG durante os dous primeiros anos de vixencia do Plan para o eficaz cumprimento dos seus obxectivos.

Representan as accións concretas que emprenderá o CTBG durante 2015-2016 e, estratexicamente, supoñen os retos aos que terá que facer fronte o Consello durante o período de execución do Plan.

Reflicítese,  
clasificadas por eixos  
de actuación, as  
medidas que porá en  
marcha o CTBG  
durante os dous  
primeiros anos de  
vixencia do Plan

## 5.1 Accións eixo ACTIVA

| RETOS   | Tempos  |
|---|---|
| 1. Inclusión dunha dotación para o CTBG nos Orzamento Xerais do Estado para 2015<br>Ídem 2016-2020                                  | Decembro 2014                                       |
| 2. Presentación da proposta de RPT do Consello ante a Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións (CECIR)       | Xaneiro 2015  |
| 3. Localización dunha sede independente para o organismo<br><br>Sinatura do contrato de arrendamento<br><br>Arrendamento            | Xaneiro 2015<br><br>Marzo 2015<br><br>Decembro 2020 |
| 4. Adscrición de medios materiais<br><br>Mantemento   | Decembro 2015<br><br>Decembro 2020                  |
| 5. Convocatoria e constitución da Comisión de Transparencia e Bo Goberno<br><br>Reunións mensuais                                   | Xaneiro 2015<br><br>Febreiro 2015-decembro 2020     |
| 6. Apertura do portal web do CTBG   | Xaneiro 2015  |
| 7. Aprobación do Regulamento de Funcionamento Interno   | Setembro 2015                                       |
| 8. Elaboración de modelos e formularios   | Febreiro 2015                                       |
| 9. Creación da sede electrónica   | Maio 2015   |
| 10. Convenios de colaboración coa Avogacía do Estado e a Intervención Xeral da Administración do Estado<br><br>Xestión de convenios | Febreiro 2015<br><br>Marzo 2015-decembro 2020       |

| RETOS   | Tempos   |
|---|--|
| <p>11. Establecemento de procesos internos de aprobación de gastos, ordenación de pagamentos, movementos de fondos, formación de contas e similares</p> <p>Xestión económico-financeira</p> | <p>Maio 2015</p> <p>Xuño 2015-decembro 2016</p>                      |
| <p>12. Constitución da Mesa de Contratación para a contratación de obras, servizos e subministracións</p> <p>Contratación</p>   | <p>Maio 2015</p> <p>Setembro 2015-decembro 2020</p>                  |
| <p>13. Desenvolvemento do sistema de información e da base de datos do organismo</p> <p>Mantemento</p>  | <p>Maio 2015</p> <p>Xuño 2015-decembro 2020</p>                      |
| <p>14. Elaboración e tramitación de convocatoria para a provisión de postos</p>   | <p>Marzo 2015</p>  |
| <p>15. Resolución da convocatoria, nomeamentos e tomas de posesión</p> <p>Xestión de recursos humanos</p>   | <p>Maio 2015</p> <p>Xuño 2015-decembro 2020</p>                      |
| <p>16. Solicitude de CIF e domicilio fiscal</p>   | <p>Xaneiro 2015</p>  |
| <p>17. Apertura de conta no Banco de España</p> <p>Contratación do servizo e apertura de contas bancarias</p> <p>Mantemento de contas</p>   | <p>Xaneiro 2015</p> <p>Abril 2015</p> <p>Maio 2015-decembro 2020</p> |
| <p>18. Convenio de colaboración coa Dirección de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions do MINHAP para a cesión de medios electrónicos</p> <p>Xestión do convenio</p>                | <p>Maio 2015</p> <p>Xuño 2015-decembro 2020</p>                      |
| <p>19. Incorporación ás redes sociais</p> <p>Xestión</p>  | <p>Maio 2015</p> <p>Xuño 2015-decembro 2020</p>                      |
| <p>20. Apertura da caixa de correos cidadá</p> <p>Xestión</p>   | <p>Maio 2015</p> <p>Xuño 2015-decembro 2020</p>                      |

| RETOS                                    | Tempos                     |
|--|----------------------------|
| 21. Posta en produción de cadro de mando | Setembro 2015              |
| Explotación                              | Outubro 2015-décembro 2016 |
| 22. Elaboración dun plan estratéxico     | Setembro 2015              |

En ocasións, os tempos de compromiso non dependen da actuación do Consello, senón doutros Centros e Unidades horizontais, polo que poderán producirse desviacións.

### INDICADORES

1. Aprobación das partidas nos OXE
2. Presentación expediente CECIR
3. Sinatura do contrato de arrendamento
4. Disposición de mobiliario de oficina e arquivo, de unidade de atención ao cidadán, de rexistro de documentos propios.
5. Acta da reunión constitutiva e actas das reunións mensuais.
6. Apertura do portal, número de visitas, melloras, novas funcionalidades.
7. Proposta de texto, suxestións e observacións, incorporacións, informe da Avogacía do Estado, aprobación final pola Comisión de Transparencia e Bo Goberno.
8. Número de modelos e formularios elaborados, número de modelos e formularios descargados e cumprimentados.
9. Resolución de creación da sede, número de visitas, número de reclamacións, novas funcionalidades e melloras.
10. Sinatura dos convenios, designación de Avogado do Estado e Interventor Delegado.
11. Establecemento dos procesos, número de tramitacións
12. Constitución da Mesa, número de contratacións
13. Organismos integrados, volume de transaccións, novas funcionalidades e melloras
14. Publicación da convocatoria
15. Constitución da Comisión de Valoración, número de aspirantes presentados, número de aspirantes seleccionados, resolucións de nomeamento, tomas de posesión
16. Número de operacións, saldos
17. CIF
18. Proposta, sinatura, cronograma, aplicacións e medios obxecto de convenio, estatísticas de utilización, reunións da comisión de seguimento.
19. Volume de comunicacións, número de seguidores do Consello
20. Número de visitas, preguntas, suxestións e respostas.
21. Procesos incorporados, número de consultas.

22. Documento final, suxestións formuladas, suxestións aceptadas, suxestións rexeitadas.

## 5.2 Accións eixo RESOLVE

| RETOS   | Tempos                      |
|---|-----------------------------|
| 1. Establecemento de modelos de reclamación   | Marzo 2015                  |
| 2. Deseño do procedemento de reclamación  | Marzo 2015                  |
| 3. Incorporación, no seu caso, ao Regulamento de desenvolvemento da LTAIBG das normas de procedemento necesarias                                    | Decembro 2015               |
| 4. Integración na sede electrónica do organismo dos sistemas de recepción telemática e tramitación de recursos                                      | Xaneiro 2016                |
| 5. Desenvolvemento de sistemas de alerta temperá e de incidentes nos procedementos de acceso e recepción de información nas Unidades de Información | Xaneiro 2016                |
| 6. Implantación dunha oficina de atención cidadá con titoriais e expertos para axudar aos interesados a interpor queixas, suxestións e recursos     | Xaneiro 2016                |
| 7. Subscrición de convenios con CCAA para a resolución dos recursos do art. 24 da LTAIBG nos casos nos que aquelas o estimen conveniente            | Xaneiro 2016-decembro 2020  |
| 8. Establecemento, no seu caso, de liñas de cooperación coas EELL para a prestación de apoio na resolución de queixas e recursos                    | Xaneiro 2016-decembro 2020  |
| 9. Estudo e incorporación, no seu caso, aos procedementos dun mecanismo de adhesión dos interesados ás reclamacións en curso                        | Febreiro 2016-decembro 2017 |

| RETOS   | Tempos                   |
|---|--------------------------|
| 10. Publicación estruturada das resolucións adoptadas respecto das reclamacións da cidadanía, así como a súa representación gráfica e evolución   | Xullo 2015-decembro 2020 |
| 11. Asunción do compromiso de evitar a aplicación do silencio administrativo nos procedementos tramitados polo CTBG e inclusión daquel no Código Ético e Regulamento de Funcionamento Interno | Xullo 2015-decembro 2020 |

### **INDICADORES**

1. Número de modelos e formularios, modelos e formularios descargados e cumprimentados.
2. Aprobación
3. Proposta de texto, suxestións e observacións, incorporacións, informe da Avogacía do Estado, aprobación final
4. Posta en produción, novas funcionalidades, melloras.
5. Posta en produción, novas funcionalidades, melloras.
6. Apertura, deseño e instalación titoriais, formación de expertos, número de consultas atendidas.
7. Proposta, sinatura, cronograma, reunións de seguimento, estatísticas de utilización
8. Proposta, sinatura, cronograma, reunións de seguimento, estatísticas de utilización
9. No seu caso, proxecto de normativa, tramitación, número de procedementos, número de persoas/colectivos adheridos.
10. Número de resolucións presentadas; número de reclamacións anonimizadas; reclamacións segundo etiquetas; número de etiquetas; número de procuras; número de representacións gráficas; cadros evolutivos
11. Número de resolucións non resoltas en prazo; identificación das causas

### **5.3 Accións eixo COLABORA**

| RETOS  | Tempos                     |
|--|----------------------------|
| 1. Reunión de representantes das CCAA e EELL (FEMP), con creación de grupos de traballo especializados | Marzo 2015-decembro 2015   |
| 2. Convocatorias cuatrimestrais  | Xaneiro 2016-decembro 2020 |



| RETOS  | Tempos  |
|--|---|
| <p>3. Apertura dunha unidade de atención ao cidadán</p> <p>No seu caso, convenio con servizo de atención telefónica 060 ou similar con servizo 24 x 7 x 365</p>  | <p>Xaneiro 2016</p> <p>Febreiro-decembro 2020</p> |
| <p>4. Identificación da rede de interlocutores entre as asociacións e institucións da sociedade civil e establecemento das liñas de colaboración oportunas</p>   | <p>Maio 2015</p>                                  |
| <p>5. Identificación dos interlocutores na Academia e Centros de Formación e establecemento das liñas de colaboración oportunas</p>  | <p>Decembro 2015</p>                              |
| <p>6. Formalización dun foro, a modo de "obradoiro de ideas", entre todos os interesados e mencionados anteriormente, co fin de xerar impulsos e avances en materia de transparencia e bo goberno, ampliando a participación no devandito foro á cidadanía en xeral, sen necesidade de que sexan identificados previamente como interlocutores/as autorizados.</p> | <p>Xuño 2015-decembro 2020</p>                    |
| <p>7. Intercambio de experiencias na contorna europea e en Latinoamérica, especialmente con países que teñen tradición na materia (Gran Bretaña, Francia, Alemaña ou Chile)</p>  | <p>Marzo 2015-decembro 2020</p>                   |
| <p>8. Coordinación co MAEC da participación española nos foros europeos (UE, OCDE, CE) e grupos de expertos en materia de transparencia</p>  | <p>Xaneiro 2016-decembro 2020</p>                 |
| <p>9. Coordinación co MAEC da sinatura do Convenio Europeo de 2009 de Acceso á Información</p>   | <p>Xaneiro 2016</p>                               |
| <p>10. Realización de encontros periódicos de colaboración coa oficina de OPERA para a unificación na recollida de datos e presentación de resultados</p>  | <p>Marzo 2015-decembro 2020</p>                   |
| <p>11. Participación na Comisión do Consello de observadores da sociedade civil e dos axentes sociais expertos no impulso do Dereito á Información e a cultura da transparencia.</p>   | <p>Xaneiro 2016-decembro 2020</p>                 |

| RETOS   | Tempos                     |
|---|----------------------------|
| 12. Celebrar convenios e traballar intensamente para mellorar a linguaxe nas actuacións do CTBG, de xeito que, tanto nos criterios como nas resolucións, informes e difusiónsexan comprensibles para todo tipo de destinatario con independencia da idade, nivel de formación, etc. | Xaneiro 2016-decembro 2020 |

### **INDICADORES**

1. Acta da reunión constitutiva
2. Convocatorias, ordes do día, actas
3. Apertura. No seu caso, integración co teléfono 060, formalización, número de consultas atendidas.
4. Identificación, incorporación interlocutores, sistema de comunicación, posta en produción, novas funcionalidades, melloras.
5. Identificación, incorporación interlocutores, sistema de comunicación, posta en produción, novas funcionalidades, melloras.
6. Identificación, incorporación interlocutores, sistema de comunicación, posta en produción, novas funcionalidades, melloras.
7. Coordinación co MAEC, contactos, reunións e obradoiros
8. Coordinación co MAEC, contactos, número de foros, número de reunións
9. Coordinación co MAEC
10. Número de encontros realizados, número de acordos, actas
11. Incorporación de representantes da sociedade civil na Comisión, número de representantes, número de asistencias, número de achegas)
12. Número de convenios asinados, número de textos adaptados, número de procesos de reconversión e análise

## 5.4 Accións eixo INTERPRETA

| RETOS  | Tempos                         |
|--|--------------------------------|
| 1. Fixación de criterios de interpretación conxuntamente coa Axencia Española de Protección de Datos   | Marzo 2015-diciembre 2020      |
| 2. Establecemento de liñas comúns de traballo coas CCAA e EELL para a unificación de criterios en materia de interpretación  | Marzo 2015-diciembre 2020      |
| 3. Establecemento de liñas comúns de traballo coa Oficina de OPERA e as Unidades de Información para a unificación de criterios en materia de interpretación   | Marzo 2015-diciembre 2020      |
| 4. Informe preceptivo nos proxectos normativos relacionados co exercicio do dereito á información, transparencia e bo goberno.   | Xaneiro 2015-diciembre 2020    |
| 5. Proposta de adopción de normas  | Xaneiro 2015-diciembre 2020    |
| 6. Aprobación de recomendacións para o cumprimento da LTAIBG   | Xaneiro 2015-diciembre 2020    |
| 7. Incidir na promoción da elaboración por parte dos organismos públicos de borradores de recomendacións e de directrices e normas de boas prácticas en materia de acceso á información, transparencia e bo goberno.       | Xaneiro 2016-diciembre 2020    |
| 8. Establecemento de diálogos periódicos co mundo académico e a sociedade civil para intercambiar criterios de interpretación e aplicación da norma.   | Xaneiro 2016-diciembre 2020    |
| 9. Publicación en forma accesible dos Informes que inclúan os criterios de interpretación máis significativos ou de maior alcance, así como dos Informes que inclúan as mellores prácticas, colocándoos en acceso directo. | Diciembre 2015-diciembre 2020. |

| RETOS  | Tempos                         |
|--|--------------------------------|
| <b>10.</b> Analizar prácticas comparadas doutros ordenamentos xurídicos para poder contar cunha representación con perspectiva do estado da transparencia en España e publicala.   | Xullo 2015-dецembro 2015.      |
| <b>11.</b> Trasladar as propostas dos organismos e organizacións públicas e privadas para unhas maiores accesibilidade e usabilidade do Portal de Transparencia da AXE.  | Setembro 2015-dецembro 2020.   |
| <b>12.</b> Celebrar convenios e traballar intensamente para mellorar a linguaxe nas actuacións do CTBG, de xeito que, tanto nos criterios como nas resolucións, informes e difusiónsexan comprensibles para todo tipo de destinatario con independencia da idade, nivel de formación, etc. | Febreiro de 2016-dецembro 2020 |

## INDICADORES

1. Reunións, actas e acordos
2. Reunións, actas e acordos
3. Reunións, actas e acordos
4. Informes, número de normas informadas, tempo de tramitación
5. Propostas elaboradas, número de propostas aceptadas
6. Recomendacións realizadas, número de recomendacións aceptadas, número de organismos implicados
7. Propostas elaboradas, número de propostas aceptadas, número de organismos implicados
8. Número de reunións, número de representantes convocados, documentación intercambiada
9. Número de informes aclaratorios da Lei, número de informes interpretativos dos artigos, número de informes conxuntos con outras unidades, número de informes conxuntos con outras Administracións Públicas, número de Informes dos servizos xurídicos, número de informes remitidos pola sociedade civil, número de visitas ao acceso directo.
10. Número de países analizados, número de cuestións analizadas por países, número de CCAA analizadas, número de variables analizadas por CCAA, data de publicación, colaboracións
11. Número de propostas realizadas, número de propostas trasladadas, número de propostas aceptadas, número de propostas transmitidas

12. Número de convenios asinados, número de textos adaptados, número de procesos de reconversión e análise

## 5.5 Accións eixo SUPERVISA

| RETOS  | Tempos                                      |
|--|---|
| 1. Realización de "mapeos" do cumprimento da LTAIBG  | Decembro 2015                               |
| 2. Establecemento e publicación dunha metodoloxía de avaliación do cumprimento da Lei que poida ser compartida por todos os suxeitos implicados  | Decembro 2015                               |
| 3. Plan Anual de Inspección<br>Realización de inspeccións e controis periódicos  | Decembro 2016<br>Xaneiro 2016-decembro 2020 |
| 4. Establecemento dun sistema de información que integre mecanismos eficientes de coordinación e comunicación, preferentemente <i>online</i> , con todos os organismos e entidades competentes | Xaneiro 2016-decembro 2020                  |
| 5. Establecemento de sistemas de control e seguimento do cumprimento das obrigas de publicidade activa.  | Xaneiro 2016-decembro 2020                  |
| 6. Establecemento dunha caixa de correos para as comunicacións, denuncias e alertas das asociacións e responsables da sociedade civil e cidadáns.  | Mai 2015-decembro 2020                      |
| 7. Establecemento e publicación dunha metodoloxía propia de avaliación dos recursos e queixas presentados.   | Setembro 2016                               |
| 8. Sistema de medición de tempos de resolución de recursos   | Setembro 2016                               |
| 9. Sistema de medición de tempos de espera de consultas e resolucións  | Setembro 2016                               |

| RETOS  | Tempos                      |
|--|-----------------------------|
| 10. Estudar a obrigatoriedade de usar o DNle ou outros sistemas de identificación electrónica.   | Xaneiro 2016                |
| 11. Elaboración e mantemento dun censo e inventario de Entidades Públicas obrigadas ao cumprimento da LAITBG, que permita monitorizar o seu cumprimento. | Decembro 2015-decembro 2020 |

### **INDICADORES**

1. Deseño, posta en produción, funcionalidades, melloras.
2. Deseño, posta en produción, funcionalidades, melloras.
3. Posta en marcha, elementos a controlar, mostra, número de controis, número de alertas
4. Deseño, posta en produción, funcionalidades, melloras, número de comunicacións, denuncias e alertas
5. Metodoloxía, convenio coa AEVAL, asistencia técnica con expertos na materia
6. Metodoloxía, convenio coa AEVAL, asistencia técnica con expertos na materia
7. Metodoloxía, convenio coa AEVAL, asistencia técnica con expertos na materia
8. Estudo comparado coas CCAA, estudo comparado cos países da contorna e estudo comparativo dos suxeitos obrigados pola Lei 19/2013 (nº de normas estudadas e nº de resultados obtidos no tres casos)
9. Número de organismos incluídos, xeorreferenciación, seguimento, cumprimento, visitas.
10. Estudo, conclusións
11. Censo inicial, actualizacións

## **5.6 Accións eixo FORMA**

| RETOS  | Tempos       |
|--|--------------|
| 1. Elaboración dun plan de formación en colaboración con universidades, institutos e centros especializados. | Xaneiro 2016 |

| RETOS  | Tempos                      |
|--|-----------------------------|
| 2. Subscrición de convenios cos centros de formación de empregados públicos (INAP, CEPCO, IEF) para avanzar nun modelo de formación continua.  | Xaneiro 2016-decembro 2020  |
| 3. Instalación no portal do Consello dun módulo de formación <i>online</i> permanentemente actualizado.  | Decembro 2016               |
| 4. Subscrición de convenios coas Universidades para impartir ciclos de formación, créditos e módulos de transparencia, acceso á información e bo goberno.  | Decembro 2016-decembro 2020 |
| 5. Colaboración coa DGFP para a inclusión no Real Decreto de Oferta de Emprego Público a recomendación de que os programas de acceso á Función Pública incorporen contidos en materia de transparencia, acceso á información e bo goberno. | Decembro 2015               |
| 6. Colaboración cos Centros de Formación de Empregados Públicos, especialmente o INAP, para incluír estes contidos nos programas dos cursos selectivos de acceso á Función Pública.  | Decembro 2015               |
| 7. Establecemento de convenios con Centros de Formación de Empregados Públicos para organizar cursos de sensibilización do persoal directivo nas áreas de transparencia, acceso á información e bo goberno.                                | Decembro 2015               |
| 8. Inclusión da formación nos foros colaborativos establecidos polo CTBG.  | Decembro 2015-decembro 2020 |
| 9. Intercambio de boas prácticas ( <i>benchmarking</i> ) coas Administracións, as organizacións e os Estados da nosa contorna, así como do ámbito latinoamericano.   | Febreiro 2015-decembro 2020 |

| RETOS   | Tempos                     |
|---|----------------------------|
| 10. Celebrar convenios e accións formativas para mellorar a linguaxe nas actuacións do CTBG, de xeito que, tanto nos criterios como nas resolucións, informes e difusiónsexan comprensibles para todo tipo de destinatario con independencia da idade, nivel de formación, etc. | Xaneiro 2016-décembro 2020 |

## **INDICADORES**

1. Proxecto, colaboracións, melloras incorporadas, consolidación do Plan
2. Proposta, sinatura, cronograma
3. Deseño, coordinación coa plataforma de formación *online* do INAP, posta en produción.
4. Proposta, sinatura, cronograma, obxecto, reunións de seguimento
5. Comunicacións, reunións, publicación convocatoria
6. Comunicacións, reunións, publicación convocatoria
7. Comunicacións, reunións, publicación convocatoria
8. Número de reunións, número de representantes convocados, documentación intercambiada
9. Número de reunións, número de representantes convocados
10. Número de convenios asinados, número de textos adaptados, número de procesos de reconversión e análise
11. Número de convenios e accións formativas

## **5.7 Accións eixo COMUNICA**

| RETOS   | Tempos                  |
|---|-------------------------|
| 1. Intercambio de información nas redes sociais   | Xuño 2015-décembro 2016 |
| 2. Modelo dinámico de intercambio de información no portal <a href="http://www.consejodetransparencia.es">www.consejodetransparencia.es</a> | Xuño 2015-décembro 2016 |
| 3. Colaboración cos medios de comunicación, aparición en prensa, radio e televisión, para   |                         |



| RETOS  | Tempos                     |
|--|----------------------------|
| promover a cultura da transparencia e os seus logros.                                  | Xaneiro 2015-decembro 2016 |
| 4. Celebración de xornadas e encontros públicos/privados.                              | Xaneiro 2015-decembro 2016 |
| 5. Presenza en foros nacionais e internacionais de difusión e impulso da transparencia | Febreiro-decembro 2016     |
| 6. Elaboración, audiencia e publicación do Plan de Comunicación do CTBG.               | Decembro 2015              |

## INDICADORES

1. Redes sociais, número de visitantes, número de seguidores, número de achegas
2. Número de intercambios realizados
3. Comparecencia en medios de comunicación: programas de radio, entrevistas, programas de televisión, artigos publicados
4. Xornadas e foros: número de eventos organizados, número de asistentes, conclusións e recomendacións.
5. Participación en organismos nacionais e internacionais: número de participacións, número de organismos, número de achegas, número de relatorios
6. Publicación, número de achegas recibidas, número de achegas aceptadas, validación

## 5.7 Accións eixo RENDE

| RETOS  | Tempos                      |
|--|-----------------------------|
| 1. Seguimento do Plan Estratéxico e avaliación de resultados. Publicación.     | Decembro 2016-decembro 2020 |
| 2. Elaboración dun Código Ético dos empregados públicos adscritos ao Consello. | Agosto 2015                 |
| 3. Publicidade da axenda do persoal directivo                                  | Xuño 2015                   |

| RETOS   | Tempos                      |
|---|-----------------------------|
| 4. Publicidade dos gastos do organismo e do seu persoal directivo, con indicación daqueles que se realicen en conceptos non detallados no orzamento (viaxes + dietas + gastos de representación, etc.)  | Xuño 2015                   |
| 5. Publicidade dos procesos selectivos, candidatos e provisión.   | Maio 2015                   |
| 6. Presentación da Memoria anual<br>Inclusión, na devandita Memoria, de doutrina sobre aspectos concretos e boas prácticas.   | Decembro 2015-decembro 2020 |
| 7. Publicidade de: criterios uniformes, resolucións, consultas, queixas, suxestións, recomendacións, relacións con outros organismos, actas da Comisión, actas do Comité territorial, acordos con organismos públicos e universidades, acordos/informes das Comisións de seguimento de todos os Convenios que se asinen, e calquera outra que se considere de interese para a cidadanía | Abril 2015-decembro 2020    |
| 8. Publicación do Cadro de Mando do CTBG cos resultados periódicos da súa actividade<br><br>Establecemento de canles de participación cidadá no seguimento e avaliación do devandito Cadro de Mando.  | Xaneiro 2016-decembro 2020  |

## **INDICADORES**

1. Proxecto, debate, observacións e suxestións, consolidación, publicación
2. Cumprimento total, cumprimento parcial, obxectivos complementarios
3. Número de directivos, eventos e o seu número, citas e o seu número.
4. Importe, data, xustificación
5. Publicación convocatoria, celebración proceso selectivo, resolución
6. Proposta, sometemento á Comisión, observacións e suxestións, consolidación, rendición ao Congreso
7. Publicación de resolucións (nº de resolucións/visitas), publicación de criterios (nº de criterios/visitas), publicación de queixas (nº de queixas/visitas), publicación de suxestións (nº de suxestións/visitas), publicación de recomendacións (nº de recomendacións/visitas)

8. Publicación, canle de participación, número de achegas, número de validacións, número de comentarios

## 6. MEMORIA ECONÓMICA

Para o exercicio 2015, o Consello conta cunha dotación de 2,58 millóns de euros

Para o exercicio 2015, o Consello conta cunha dotación de 2,58 millóns de euros para o cumprimento dos seus obxectivos. A dotación está financiada ao 100 % polo MINHAP -Departamento ao cal figura adscrito a efectos orgánicos o organismo-, a razón dun 99,88 % con cargo aos Capítulos 6 ("Transferencias correntes", 2,3 millóns) e 7 ("Transferencias de capital", 0,5 millóns) e un 0,12 % con cargo ao Capítulo 8, ("Activos financeiros", 0,03 millóns).

Durante o exercicio 2016, non se prevén variacións

Durante o exercicio 2016, non se prevén variacións importantes nas dotacións orzamentarias do CTBG. Por unha banda, de acordo coas estimacións do Goberno e os compromisos adquiridos coa UE, terá prolongación, durante o devandito exercicio, a política económica de axuste orzamentario e contención do déficit das Administracións Públicas. Pola outra, moitos dos retos e medidas propostos polo Consello iniciaranse ou alcanzarán o seu pleno desenvolvemento no devandito exercicio, e os iniciados en 2015 continuarán durante 2016, aínda que transformados en actividades de mantemento e xestión administrativa ordinaria.

Para 2017-2020, pode preverse un incremento nas consignacións destinadas a cursos, reunións e conferencias (Concepto 226.06), dietas (Concepto 230) e locomoción (Concepto 231), así como no Concepto 620, "Investimentos NAFOS"

Para o período 2017-2020, e nun exercicio de prospectiva, prevense variacións significativas nos Orzamentos do CTBG, especialmente porque se producirá unha reestruturación do gasto do CTBG, conectada coa reformulación das accións propias do Eixo ACTIVA, o crecemento das actuacións correspondentes aos Eixos COLABORA e FORMA e o previsible incremento das demandas e reclamacións dos cidadáns e das accións do Eixo RESOLVE.

Aínda que é aventurado neste momento ofrecer cifras concretas, parece claro que se producirá un incremento nas consignacións destinadas a cursos, reunións e conferencias (Concepto 226.06), dietas (Concepto 230) e locomoción (Concepto 231), así como no Concepto 620, "Investimentos NAFOS", por canto as novas esixencias de xestión que enfrontará o organismo levarán

asociados novos investimentos en desenvolvementos, aplicacións e sistemas informáticos.

## 7. SEGUIMIENTO

---

A presidenta do CTBG será a máxima responsable do seguimento. Para iso contará co apoio dun coordinador xeral do Plan Estratégico, integrado na estrutura orgánica do Consello, que se encargará da execución e da medida das actuacións contempladas nel e arbitrará as actuacións correctoras necesarias para lograr os obxectivos marcados.

O coordinador disporá dunha oficina técnica, dotada das ferramentas de xestión necesarias para o seguimento e a recompilación da información relativa ao desenvolvemento das medidas –en particular, disporá dunha ferramenta de cadro de mando para a monitorización-. Encargarase tamén da documentación das actuacións que se produzan.

**A presidenta do  
CTBG será a  
máxima  
responsable, co  
apoiado dun  
coordinador xeral  
do Plan Estratégico**

Madrid, novembro de 2015